

O Incio - O Incio, 1978

**Informante:** descoñecido

**Compilador:** Xosé Luís Rivas

**Transcrición:** X.L. Rivas, rev. S.de la Ossa



**Museo  
do Pobo  
Galego**



**instituto de  
estudos das  
identidades**

1. Verán un caso chocante  
[nas] montañas do Cibreiro  
con unha nena ben feita  
que casou con un gaiteiro.
2. As nenas daquela terra  
son tan amigas da gaita  
como haxa quen lles toque  
bailan sempre, non se cansan.
3. Il chamábase Cristóbal  
i-e un día vendeu a gaita  
i a rapaza enfadouse  
porque lle facía falta.
4. Non te enfades, rapaciña  
porque che vendín a gaita  
hei comprar outra máis nova  
aunque empeñemo-la casa.
5. Mais cuando lle viu a nova  
botoulle as maos ao punteiro  
e dixo: –Gracias a Dios  
tiruliru, meu gaiteiro!
6. Esta si que é ben feitaña  
máis parece unha monada  
non vin gaita máis bonita  
nin cousa máis axustada.